



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579

E-mail: correo@frades.dicoruna.es

AVISO

DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓN FORESTAL

Ponse en coñecemento dos veciños que o Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, indica **as distancias que deben gardar as repoboacións forestais con respecto ás vías e vivendas do Concello.**

As **distancias mínimas** que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie de que se trate, son as seguintes:

Anexo I da Lei 7/2012		
	FRONDOSAS (ameneiros, bidueiros, castaños, carballos, laureis, nogueiras, ...)	RESTO DE ESPECIES (eucaliptos, pinos, ...)
Autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais	4 metros	10 metros
Pistas forestais principais	2 metros	4 metros
Vivendas	15 metros	30 metros

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, **dende a aresta exterior da cuneta.**

A realización de novas repoboacións forestais ou a non adaptación das repoboacións existentes sen gardar as distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar ademais da **obriga de reparar o dano causado**, á tramitación do correspondente procedemento sancionador e imposición dunha multa por importe de 1.001 a 100.000 euros (Lei 43/2003, de 21 de novembro).

Así mesmo, infórmase que en ningún caso **os accesos ás fincas** interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias, polo que se disporán tubaxes nos puntos de paso cunha sección non inferior á que se aprecie no canle ou gabia para a escorrentía e como mínimo, un tubo de 400 m. de diámetro, debendo presentar a correspondente comunicación previa no concello.

Frades, a 25 de abril de 2017

Asdo. Roberto Rey Martínez

